




# Concello da Coruña

Area / Unidade EDUCACION ED0000 AJP	Documento 23618S0000	Selo
Código de verificación  2A49 3Y0A 5T47 0L6V 07XL	Expediente 236/2024/1	
	Data 10-01-2024	

Asunto Bases reguladoras do concurso de selección do programa: "III Intercambios Escolares. Vivir nos municipios do Eixo Atlántico"	Interesado
--	------------

## ANEXO

### BASES QUE RIXEN A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE SELECCIÓN NO PROGRAMA: "III INTERCAMBIOS ESCOLARES. VIVIR NOS MUNICIPIOS DO EIXO ATLANTICO".

O **Eixo Atlántico** é unha asociación transfronteiriza de Dereito público, integrada por Municipios e entidades da Administración Local que configuran o sistema urbano da **Eurorrexión Galiza – Norte de Portugal**, no que está integrada o Concello da Coruña.

No grupo de traballo e Educación e Cultura do dito Eixo levamos varios anos desenvolvendo o proxecto de **Intercambios Escolares. Vivir nos municipios do Eixo Atlántico**, programa onde o alumnado dunha cidade portuguesa intercambiase co alumnado de nosa cidade, tal como se recolle no "Regulamento de Intercambios Escolares do Eixo Atlántico".

No sorteo celebrado o día 11 de decembro de 2023 entre as cidades galegas as portuguesas do Eixo Atlántico participantes, realizado pola organización do Eixo Atlántico, para o curso 2023/2024 tocoulle a alumnado da nosa cidade o intercambio cos do municipio portugués de **Felgueiras**.

A elección do grupo escolar de participantes do Concello de A Coruña rexerese polas seguintes bases de selección:

#### 1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a selección dun grupo escolar de alumnado 5º ou 6º cursos de educación primaria de centros públicos do Concello da Coruña cara a súa participación no programa III INTERCAMBIOS ESCOLARES. VIVIR NOS MUNICIPIOS DO EIXO ATLANTICO.

O programa persegue como finalidade compartir experiencias entre escolares de concellos de Galicia e Portugal integrantes do Eixo Atlántico; especificamente para dar a coñecer o municipio de A Coruña ao alumnado dun centro educativo da cidade portuguesa de **Felgueiras**.

Os intercambios terán lugar durante 2 ou 3 días nos meses de abril ou maio de 2024, nas datas que se determinen por ambos municipios, da cordo cos centros educativos participantes.

O programa inclúe os seguintes servizos:

- a) Os desprazamentos de ida e volta A Coruña - Felgueiras, para o alumnado seleccionado da Coruña e 2 docentes acompañantes e un/unha técnico municipal.
- b) O seguro de viaxe e de responsabilidade civil.



# Concello da Coruña

- c) O aloxamento hoteleiro en habitacións dobres con pensión completa do grupo visitante de Felgueiras na Coruña.
- d) Acompañamento dun/dunha monitor/a nas actividades na Coruña.
- e) Os desprazamentos pola cidade da Coruña do grupo seleccionado e aqueles outros gastos que se consideren necesarios para levar a cabo os obxectivos de este programa.

## 2. PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

A selección do grupo escolar será realizada polo Concello da Coruña en réxime de concorrência competitiva de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación, aplicando os requisitos e criterios de valoración dos proxectos fixados nestas bases.

O procedemento para a selección do grupo escolar iniciarase de oficio mediante correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente do Concello que será publicada na páxina web educativa do concello ([www.coruna.gal/educación](http://www.coruna.gal/educación)). Será tamén neste lugar onde se realizarán as comunicacións aos grupos solicitantes, sendo responsabilidade destes a súa consulta para obter a información relativa a: prazos de presentación de proxectos, listaxes de seleccionados e xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

## 3. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

**Destinatarios:** tal como se recolle no “Regulamento de Intercambios Escolares do Eixo Atlántico”, ditos intercambios están destinados ao alumnado de 5º ou 6º curso de educación primaria matriculado no curso 2023/2024 en escolas da rede pública no noso municipio, e dicir, dos CEIPs do Concello da Coruña.

**Nº de prazos ofertadas:** os grupos escolares solicitantes estarán integrados por unha unidade escolar con un máximo de 30 participantes (incluído o alumnado e 2 docentes).

O grupo seleccionado será simultaneamente “grupo anfitrión” e “grupo visitante”.

### Inscripción no concurso:

- A solicitude de inscrición no concurso farana os centros educativos a través da páxina web educativa municipal ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)).
- Na inscrición deberá constar: o nome do centro educativo, o grupo escolar, o número e nome e apelidos do alumnado do dito grupo, a persoa responsable do mesmo (titor/a ou docente) e correo electrónico de contacto.
- Presentar, xunto ca solicitude, unha proposta de **proxecto de actividades** a desenvolver na Coruña co grupo visitante.

Para elo, deberán presentar unha **memoria do proxecto** coas seguintes características:

- ✓ O proxecto ten que ser orixinal e en lingua galega.
- ✓ Con unha extensión máxima de 20 follas por unha cara, en letra Arial 11 con entreliñado sinxelo, xa sexa de xeito físico ou virtual.
- ✓ Unha folla inicial que incluírá: o nome e obxecto do proxecto, o nome do centro educativo, o nome do grupo o que pertence o traballo (5º A, 6º C ...), e o profesorado responsable do mesmo.
- ✓ O proxecto poderá ir acompañado con vídeos, fotografías, planos, maquetas o calquera outra aclaración ao proxecto, en arquivo achegado como anexo.



# Concello da Coruña

**Temática dos proxectos:** para dar a coñecer a cidade da Coruña ao grupo escolar portugués visitante teñen cabida nos proxectos aspectos relativos a: a descrición do municipio, o patrimonio (cultural, natural e inmaterial), a súa cultura e costumes, as festas, os barrios, o noso centro educativo e o seu barrio, o porto, as infraestruturas, a economía e a sustentabilidade, as tecnoloxías, as oportunidades de ocio, como vemos a cidade no presente, proxectos futuros...; sempre e cando se enmarquen dentro da problemática e a realidade de nosa cidade.

Quedarán excluídas aqueles proxectos que non se axusten a estes requisitos.

## 4. PRAZOS DE INSCRIPCIÓN DO GRUPO ESCOLAR E DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS

- Prazo de inscrición do grupo escolar: será **ata 1 de febreiro de 2024, a través de ficha de inscrición** na páxina web educativa municipal [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion), que deberá ser feita polos centros educativos.
- Prazo para presentar a Memoria do Proxecto: será ata o **15 de marzo de 2024**.

As memorias teñen que se presentaren telemáticamente a través do correo electrónico [educacion@coruna.gal](mailto:educacion@coruna.gal), coa mención en asunto “Concurso III Intercambio Escolar Eixo Atlántico”.

Estes prazos poderán ser modificados si o Servizo Municipal de Educación o estima oportuno.

## 5. COMISIÓN DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS:

Ca finalidade de valorar as propostas dos proxectos presentados, de conformidade con criterios de valoración sinalados nas presentes bases, constituirase unha Comisión de Valoración composta por un mínimo de tres persoas do ámbito educativo, designadas polo Servizo Municipal de Educación entre o profesorado, titores, técnicos/as, expertos/as ...

Redactarase unha acta cos resultados de valoración e súa xustificación, que será remitida ao Servizo Municipal de Educación para a súa aprobación.

O resultado da valoración será publicado nos mesmos lugares onde foi publicada a convocatoria e será comunicado individualmente por correo electrónico ao centro educativo do grupo escolar seleccionado. De causeres baixa será chamado o seguinte en función da puntuación obtida e por rigoroso orde desta.

A decisión da Comisión de Valoración será inapelable

## 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

Para a valoración dos proxectos presentados terase en conta os seguintes **criterios**:

- O grao de innovación, orixinalidade e motivación do proxecto.
- Os recursos expresivos e comunicativos utilizados na presentación do proxecto e dos materiais explicativos anexos.
- A viabilidade técnica da proposta de actividades a desenvolver na Coruña.
- A realización de experiencias didácticas que promovan a sensibilización sobre a importancia de vivir nun municipio integrante da eurorrexión do Eixo Atlántico.

Cada un destes criterios serán valorados con un máximo de 10 puntos, sendo a puntuación máxima de 40 puntos.



# Concello da Coruña

A puntuación será o resultado das medias de cualificación de cada unha das persoas integrantes da Comisión de Valoración e determinará a adxudicación da praza en función da orde de puntuación, descartando aqueles proxectos que non cumpran cos requisitos mínimos exixidos.

## 7. OBRIGAS DOS CONCELLOS DA CORUÑA E DE FELGUEIRAS

O Concello da Coruña será responsable da execución deste programa no seu municipio, comprometéndose a:

- Dar apoio ao grupo seleccionado sobre o coñecemento do municipio, dos municipios integrantes do Eixo Atlántico e do propio Eixo Atlántico.
- Preparar, en coordinación co grupo seleccionado, o programa de actividades do grupo escolar visitante na Coruña; asegurándose que os grupos sexan recibidos preferentemente pola alcaldesa, para que os estudantes se sintan verdadeiramente embaixadores do seu municipio.
- Recibir e acompañar, xunto co grupo seleccionado, ó grupo visitante durante a súa estadía.
- Financiar os desprazamentos de ida e volta A Coruña- Felgueiras, para o alumnado seleccionado da Coruña e 2 docentes acompañantes e un/unha técnico municipal, os seguro de viaxe e de responsabilidade civil e os desprazamentos pola cidade da Coruña. Tamén serán financiados os gastos do alumnado de Felgueiras, que se refiren ao seu aloxamento e a manutención na Coruña, nun establecemento hoteleiro en habitacións dobres con pensión completa e aqueles outros que se consideren necesarios para levar a cabo os obxectivos de este programa.

Mentres que o Concello de Felgueiras se compromete a financiar os gastos de desprazamento do seu grupo escolar ata A Coruña; e os relativos aos mesmos conceptos mencionados no seu municipio para o grupo escolar da Coruña.

## 8. OBRIGAS DO CENTRO EDUCATIVO E O GRUPO SELECCIONADO

- O grupo escolar seleccionado acudirá a Felgueiras acompañado dun máximo de 2 docentes. A selección dos docentes queda a criterio do centro educativo.
- O alumnado seleccionado deberá asistir e realizar todas as actividades previstas no desenvolvemento do seu proxecto na Coruña e as do grupo escolar portugués.
- O centro educativo deberá poñer a disposición do programa un espazo para realizar unha reunión previa á viaxe a Portugal.
- Recibir e acompañar ao grupo visitante durante a súa estadía na Coruña, sendo os escolares os guías/monitores encargados de darlles a coñecer a cidade.

## 9. DEREITOS DE DIVULGACIÓN E PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello da Coruña reservase o dereito a divulgación dos proxectos presentados e os seus anexos, si os estima convinte, xa sexa de forma total o parcial, sen autorización expresa do centro educativo nin das persoas que o levaron a cabo.

Co propósito de acadar difusión e impacto en medios de comunicación xeralistas e especializados, enviaranse notas de prensa e invitacións institucionais.

Os proxenitores ou titores do alumnado participante no programa darán o seu consentimento ou rexeitarán por escrito que a imaxe dos seus fillos/as sexa reproducida nos devanditos medios.

Os datos persoais facilitados no formulario de inscrición, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro, no que o Concello da Coruña ten a condición de responsable, para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o Programa municipal "III INTERCAMBIOS ESCOLARES. VIVIR NOS MUNICIPIOS DO EIXO ATLANTICO".



## Concello da Coruña

Co que respecta os garantías no tratamento de datos de carácter persoal, será efectuado de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais; Real Decreto-lei do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións), así como, no seu caso, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais xa a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

### **10. A participación neste concurso implica a conformidade e aceptación destas bases.**

Para calquera aclaración poden poñerse en contacto co Servizo Municipal de Educación do Concello de A Coruña, no teléfono 981 184 200 ext.: 10259 ou a través do correo electrónico [educacion@coruna.gal](mailto:educacion@coruna.gal)